



*LAMAS (SANTA MARÍA)



Parroquia cunha superficie de 5,6 km² situada no centro-leste do concello, que conta con 45 habitantes concentrados no lugar de Lamas, que lle deu nome á propia parroquia. A súa densidade de poboación é de 8,04 hab/km².



FRIOL
PQ. LAMAS

Nesta parroquia consérvase un castro de case cen metros de diámetro que se sitúa no camiño que une Lamas con Narla. Ademais, existe un total de cinco mámoas, aínda que o acceso a elas é en ocasións complicado debido á maleza.

Lamas é unha forma toponimia abundosa que dá nome a uns 90 lugares galegos. Por exemplo, é unha parroquia do concello de Lugo (Santalla de Lamas), así como dos municipios de Cospoite e San Cristovo de Cea (San Martiño de Lamas), entre outros.

Ademais, existe unha gran multitude de aldeas que teñen esta forma toponímica, como é o caso da situada na parroquia de Peibás (Antas de Ulla), en Illán (Begonte), en Cardeiro (Boimorto), en Sisamo (Carballo) etc.

O nome de **Lamas** procede da forma plural latina ou pre-latina *lama*, que ten o significado de «charco, pantano, lodazal». Tal e como indica Nicandro Ares (2011: 863) seguindo a Menéndez Pidal, a súa orixe puido resultar da mestura das culturas lígur e ílirica.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis